



JUAN VIAÑO,
socio de honra de Alumni USC

SUMARIO

EDITA

Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC

Casa da Concha
Universidade de Santiago de Compostela
15782 Santiago de Compostela
TEL_ 981 580 624 MAIL_ alumni@usc.es
www.antigosalumnos.usc.es
www.facebook.com/groups/antiguosalumnosusc/
https://www.linkedin.com/pub/alumni-usc/ba/a57/b5a

Dirección

Manuel Fraga Carou

Redacción e documentación

Inés Toca Carús
Mar Fernández Vázquez

Deseño e maquetación

Ana Cividanes Álvarez

Fotografía

Javier Albor
Santi Alvite
Achegas dos socios
José Manuel Ortigueira (mosaico contracuberta)

A Asociación respecta os artigos de opinión asinados e, por tanto, non se fai responsable do seu contido

DEPÓSITO LEGAL: C 2142-2017

Editorial da presidenta de Alumni: Maior colaboración coa nosa universidade	3
Mesa sobre o asociacionismo en Santiago	4
Informe sobre o Encontro de Alumni España en Salamanca	7
Premio Relato Curto que patrocina Hospital HM La Rosaleda	8
Camiñadas e excursións	10
Texto sobre a figura do Padre Sarmiento asinado polo catedrático Antón Costa	12
Acto de nomeamento de Juan Viaño como socio de honra de Alumni USC	13
Artigo de Jacobo Pérez-Lirón (estudante de 3º de Xornalismo): Á comunidade universitaria fáltalle voz	14
Entrevista a Miguel Santalices, licenciado en Medicina pola USC e presidente do Parlamento de Galicia	15
Artigo do director da Fundación Catedral, Daniel Lorenzo, sobre o Pórtico da Gloria	16
Presentación do poemario do noso socio Abella en Mazarelos	17
Charlas en Lugo e Santiago	18
Entrevista a Roberto Almuíña, novo presidente de Amigos do Museo de Historia Natural da USC	19
Artigo da secretaria xeral de Emprego da Xunta de Galicia, Covadonga Toca: Emprego con valores	20
Recanto da saudade e vixésimo quinto aniversario do museo La Casa de la Troya	21
Novidades editoriais do Servizo de Publicacións da USC, que dirixe Juan Blanco	22
Socios protectores	23
Mosaico fotográfico da Ruta dos Faros da Costa da Morte	24

Maior colaboración coa nosa universidade

Un ano máis temos a satisfacción de presentar un novo número da revista FONSECA que reflicte algunhas das actividades salientables de Alumni USC, ademais doutras realidades e persoas de interese.

O tempo voa e xa van alá catro anos desta Xunta Directiva que teño a honra de presidir. Asumimos a responsabilidade de “pilotar a nave” con moita ilusión, co desexo de achegar un gran de area máis ao labor dos nosos predecesores.

Deseñamos unha ampla oferta de conferencias, charlas, mesas redondas, presentacións de libros, homenaxes a persoeiros da nosa cultura, excursións... E non quero deixar de mencionar as marabillosas andainas do entusiasta club de sendeirismo!

A maioría das actividades abrímolas ao público en xeral e percibimos que a nosa asociación é hoxe máis coñecida, e que a maioría dos socios e socias están contentos. Pero teño que confesar que non me sinto satisfeita. O número de persoas asociadas aumentou moi pouco, pero a súa idade si que aumenta...

Seguimos a ter a asignatura pendente de conectar cos egresados recentes. Sabemos que para isto temos que ofrecerlles cousas do seu propio interese, e que o que preocupa ás persoas mozas é o traballo, o emprego! Temos algunhas ideas e proxectos en relación con este tema pero somos conscientes de que para levalos a cabo necesitamos traballar en colaboración coa propia Universidade.

As universidades españolas están a potenciar o movemento Alumni e unha das principais razóns que leva a isto son os procesos de avaliación da calidade dos títulos, que requiren inexorablemente recibir ideas e opinións dos egresados para melloralos.



A USC non pode quedar atrás! Estamos nunha situación esperanzadora. Por unha parte, é inminente o nomeamento dun novo presidente do Consello Social, do que esperamos que comprenda que a colaboración con Alumni é importante, xa que as dúas entidades teñen obxectivos en común. Por outra parte, un novo equipo de goberno acaba de iniciar a súa andaina co que isto supón de novos bríos e ilusións. De feito, manifestounos que recoñece e valora o papel que Alumni pode desempeñar nos vindeiros anos.

Por tanto, teñamos ánimo e ilusión!

Benita Silva Hermo
Presidenta Alumni USC



Asociacionismo: forza ou debilidade

ALUMNI USC convocou recentemente a cinco entidades para debater sobre o estado actual do asociacionismo. A mesa redonda, moderada polo decano de Ciencias da Comunicación –**Xosé Ramón Pousa**–, estivo composta pola asociación estudantil da facultade de Bioloxía Bota e Bata –representada por **Kai Baltrusch**–, a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos (ATEGAL) –representada por **Paula Sande**–, a Asociación de Empresarios do Tambre –representada por **Ramón Lois**–, o Ateneo de Santiago –representado por **Manuel López-Rivadulla**– e a propia Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC –representada por **Benita Silva**–.

Baltrusch indicou que a súa asociación naceu en 2015, como unha entidade “democrática e horizontal” (sen directiva), coa intención de favorecer a conciencia ecolóxica, o desenvolvemento sostible e o galego como “lingua vehicular” das ciencias. “Xurdimos como resposta a unha época de estatismo e recortes para ampliar a visión do alumnado fóra da carreira. Facemos xornadas, conferencias, excursións guiadas e visitas a empresas e parques naturais, entre outras actividades”, segundo explica. Recoñece que a captación de socios é difícil, pero que o asociacionismo fortalece. “A miña

experiencia asociativa foi moi valiosa para a miña formación como persoa, porque aprendín a traballar en grupo e a liderar proxectos”, agrega.

Sande empezou por felicitar a todas as asociacións pola súa “valentía”, ao tempo que remarcou que detrás das entidades están as persoas. ATEGAL é unha entidade na que están integradas as Aulas da Terceira Idade e traballa en Galicia na formación de adultos de cincuenta anos ou máis. “Traballamos moito con outras asociacións de maiores. Creamos na colaboración e na necesidade de aproveitar os recursos que temos entre todos. E o esforzo que dedicas a algo no que cres é maior”, segundo sostén.

Lois sinalou que o asociacionismo é o mellor “antídoto” fronte ao illamento e a depresión, cumprindo unha función importante no desenvolvemento persoal. “Desde as asociacións damos a oportunidade de que ti poidas dar, polo que eu xa me sinto remunerado”, segundo expresou na súa intervención. Engadiu que as asociacións das empresas familiares representan o 80 por cento do PIB de España. “Colaborar, sumar e asociarnos fainos imparables. Non botamos de menos as asociacións ata que nos faltan”, remachou.

López-Rivadulla puxo aos asociados e o cumprimento dos obxectivos como elementos “fundamentais” para o bo funcionamento das asociacións. Fomentar a participación activa na vida da cidade e o dinamismo da sociedade civil son dúas características do Ateneo, segundo as palabras do seu vicepresidente. Ademais destacou como fortalezas da entidade as conferencias dos luns na rúa do Vilar, posuír un lugar propio de reunión, ter unha cota razoable e manter relacións correctas coas institucións da cidade. E como debilidades apuntou a exigua incorporación de xente moza –“aínda que ten pouca importancia, porque están noutros circuítos”,

matizou–, e a escasa presenza nos medios informativos.

Silva dixo non estar contenta porque non aumentou o número de socios, pero si a súa idade, marcando particularmente o “problema” que supón chegar aos mozos. “Alumni é unha ferramenta magnífica para favorecer a relación entre a universidade e a sociedade”, segundo subliñou. A presidenta tamén expresou a súa “esperanza” de avanzar con novo equipo reitoral cara a fomentar a inserción laboral dos egresados.

O moderador da mesa redonda indicou, logo das exposicións, que estas asociacións están “moi vivas”.

Coordinación, autoavaliación e colaboración

No faladoiro posterior ás intervencións dos relatores, **Roberto Almuíña** advertiu que a experiencia de xestionar unha asociación, en referencia ao estudante Kai, debe pesar no currículo: “Eu, seleccionando persoal, teríao en conta”. **José Manuel Ortigueira** propuxo que as asociacións presentes na mesa se convertesen, desde ese mesmo instante, nunha comisión de traballo permanente, “para afondar na cooperación e a coordinación”. **Carmen Bouzas**, apelando á autocrítica, avogou por revisar o modelo: “Se levamos anos facendo o mesmo, con relativo resultado, haberá que revisalo e autoavaliarnos”. Entre tanto, a presidenta da entidade organizadora do acto sinalou desde a mesa que a colaboración é “fundamental” entre asociacións.



Bota e Bata

Asociación de Estudiantes da Facultade de Bioloxía

Número de socios: 52

Cota única de entrada: 10 €

Presuposto anual: 800 euros aproximadamente, variable segundo as axudas



ATEGAL

Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos

9 sedes en Galicia, a central na rúa da Virxe da Cerca (Santiago)

Número de socios: 1.400

Cota de matrícula anual: 160 €

Presuposto anual: 360.000 €

(o 80% cúbrese coas cotas)



Ateneo

Entidade de Utilidade Pública, aberta á sociedade compostelá, que fomenta o debate e a opinión plural e independente

Número de socios: 225

Cota anual dos asociados: 72 €

Presuposto anual: 32.000 €



Asociación Área Empresarial do
T A M B R E

Tambre

Asociación da Área Empresarial do Tambre

Número de socios: 362

Cotas: desde 54 € ao mes (e vaise incrementando segundo a superficie da parcela ou local)

Presuposto anual: 433.000 €

(o 88% cúbrese coas cotas e o resto con rendas dos arrendamentos)



ALUMNI USC

Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC

Número de socios: 629

Socios protectores: 28

Cota anual: 30 €

Presuposto anual: 23.800 €

As dificultades de asociarse

Que o asociacionismo está en crise non é ningunha novidade. Sindicatos, movementos veciñais, agrupacións culturais, teñen cada vez máis dificultades para incorporar adeptos. De feito, moitos dos analistas da realidade española están de acordo en que, tras un período de gran mobilización cidadán, antes, durante e inmediatamente despois da transición á democracia, os españois abandonaron a vida política e retomaron a súa tradicional pasividade.

Esta situación quedou clara na mesa redonda sobre o *asociacionismo: forza ou debilidade*, organizada por Alumni a mediados de novembro. Resulta paradoxal que asociacións tan dispares e fortes como os Empresarios do Tambre, os universitarios de Bota e Bata, do Ateneo de Santiago, da Asociación Cultural de Formación Permanente de Adultos, coincidiran no esencial: a dificultade de incorporar mozos, pese a importancia das súas accións e ao interese que espertan na propia sociedade. En todos os casos trátase de movementos que necesitan do impulso asociativo, para afrontar e resolver problemas sociais, comerciais ou culturais de diverso tipo, para que a mesma sociedade civil avance cara á resolución dos seus problemas.

O fenómeno é moito máis preocupante nas novas xeracións que teñen un problema cultural co movemento asociativo, especialmente no caso español, un dos países occidentais con menores niveis de participación política e cidadán. Algúns investigadores falan xa dun síndrome conxunto de escasa implicación psicolóxica e de comportamento co asociacionismo que haberá que resolver dalgún modo.

Unha crise económica que non acaba de levantar cabeza, o paro e o subemprego que afecta sobre todo a sectores universitarios, sen dúbida está detrás desta conduta ao que tampouco é alleo o cambio cultural marcado pola Sociedade da Comunicación e as novas ferramentas de comunicación permanente que nos fan parecer máis sólidos individualmente fronte aos problemas e á vez máis insolidarios coa realidade que nos rodea.



Son novos tempos, caracterizados pola necesidade de reinventarse, de buscar novas alternativas. O movemento asociativo, indispensable no comercial, académico, social e cultural, vai ter que traballar en novas fórmulas de atracción e captación porque ninguén dubida da súa necesidade social.

Xosé Ramón Pousa

Moderador da mesa e decano
da facultade de Ciencias da Comunicación

XXII ENCONTRO ENTIDADES ALUMNI ESPAÑA 2018



Carlos Herrero Latorre, vogal da xunta directiva de Alumni USC

Os pasados 25 e 26 de outubro celebrouse na Universidade de Salamanca o XXII Encontro Alumni España no que participou una delegación da Xunta Directiva de Alumni USC formada pola súa presidenta, Benita Silva, e por un vogal da mesma, Carlos Herrero. No devandito Encontro, que tivo lugar no marco das celebracións do oitavo centenario da universidade salmantina, desenvolvéronse diferentes sesións nas que se trataron temáticas de interese para as asociacións de antigos alumnos.

O mecenado na universidade española

Os relatores indicaron que se ben a lexislación existente na actualidade permite accións de mecenado e micromecenado por parte de empresas, institucións e particulares a favor das universidades, é preciso un cambio lexislativo que favoreza esta forma adicional de financiación da institución universitaria, para xerar unha maior confianza por parte de patrocinadores e contribuír á creación dunha cultura de mecenado, que aínda que moi habitual en países anglosaxóns, é escasa en España.

Boas prácticas e proxectos de valor levados a cabo por entidades Alumni

Destacouse a necesidade de crear unha CULTURA “Alumni” nas universidades españolas, e que a IMPLICACIÓN dos antigos alumnos se considera un factor clave para o bo funcionamento da asociación alumni e da propia universidade. A nostalgia e a vinculación emocional coa *alma mater* deben ser aproveitadas pola asociación para fomentar a participación

activa dos exalumnos nas asociacións. A TRANSVERSALIDADE considérase tamén un concepto crítico; os alumni pertencen a grupos de formacións distintas, teñen grupos de idade moi heteroxéneos, intereses moi diversos, e expectativas sobre a asociación moi diferentes. A todos eles hai que dirixirse con accións de UTILIDADE para os asociados. A información sobre oferta de posgrao e mestrado, e a formación ao longo de toda a vida parecen unha boa maneira de conectar. Tamén a oferta de actividades culturais, deportivas, acceso a biblioteca e outros servizos ofertados polas universidades, descontos en comercios colaboradores, bolsas de emprego, e actividades de ocio son moi valorados. Sen lugar a dúbidas, a COMPLICIDADE do equipo de goberno da universidade é absolutamente fundamental. Todos os ponentes da sesión fixeron fincapé en que, sen o apoio decidido dos órganos de goberno da universidade, reitor e equipo reitoral, é imposible a axeitada actividade de calquera asociación Alumni.

A nova normativa de protección de datos para as entidades Alumni

As entidades Alumni, coa nova lexislación e transposición directa das directivas europeas en materia de protección de datos, son responsables da seguridade dos seus datos fronte a accesos inaxeitados ou non autorizados, modificacións de datos non permitidas, ou perda dos mesmos. Por iso as asociacións Alumni teñen que asegurar a protección e confidencialidade dos datos dos seus asociados. As dificultades que a nova lexislación impón para dispor de listados de exalumnos e o obrigado consentimento positivo destes para recibir información foron tamén tratados con detalle polos expertos participantes.

XII PREMIO

RELATO CURTO ALUMNI USC

Rocío Leira Castro gaña o certame cun texto sobre a violencia de xénero: *Paxaros caídos*

“A nova do galardón fixo aflorar en min recordos dunha etapa marabillosa”



A profesora de matemáticas afincada en Santiago **Rocío Leira Castro** (Cee, 1979) obtivo o recoñecemento do xurado alzándose co premio dotado con 500 euros que achega o HM Hospital La Rosaleda. O texto gañador, ***Paxaros caídos***, fala da violencia de xénero e así o explica a autora: “Trátase dun relato que baixo a estrutura dunha narración infantil fala dunha problemática de gran calado social como é a violencia de xénero”. Leira indica que este premio supón para ela unha “gran” satisfacción, non só no plano literario, senón tamén no afectivo, porque como exalumna da USC di sentirse “moi” próxima á entidade que o convoca. “A nova do galardón fixo aflorar en min recordos dunha etapa marabillosa”, segundo engade.

O xurado, integrado polo xornalista **Xesús Fraga Sánchez**, a gañadora da edición anterior –**María González Blanco**–, a socia de Alumni **Raquel Fernández Rodríguez**, e a secretaria da Xunta Directiva da Asociación –con voz e sen voto–, emitiu o seu fallo por unanimidade logo da valoración da trintena de textos presentados a esta convocatoria. Destacou a boa planificación da historia, que consegue comunicar as emocións con gran precisión, a coidada estética, o léxico elaborado, a conxugación das disciplinas da música e a literatura, e un final suxestivo.

Rocío Leira Castro é licenciada en Matemáticas e actualmente dirixe en Santiago un centro de formación para alumnado universitario. Posúe un extenso currículo de premios en distintos formatos narrativos, pero tamén de poesía. Ten publicados dous libros infantís, así como un poemario para adultos.

Acto de entrega en Mazarelos

A gañadora leu a súa obra no acto de entrega, que se celebrou na facultade de Filosofía, onde tamén participou **Héctor Cajaraville**, quen fixo unha reflexión persoal sobre a creación literaria. “Para min optar por un xénero sería prescindir de todos os demais; e talvez algún día, cando encontre o meu sitio na literatura, estea disposto a iso, pero de momento non é así en absoluto”, segundo advertiu o escritor santiagués.

Está en marcha a décimo terceira edición

Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da
Universidade de Santiago de Compostela



HM HOSPITAL
HOSPITALES hm rosaleda

Pode lerse o relato no enderezo web:

<http://www.antigosalumnos.usc.es/export9/sites/antigosalumnos/antigosalumnos/gl/descargas/XII-Premio-de-Relato-Curto-Paxaros-caidos.pdf>



I PREMIO | 2006

En las riberas del Ulla,
Teresa Bouzada Gil



II PREMIO | 2007

Manual de Mitoloxía da Fertilidade Moderna,
Isabel Mancebo Portela

ACCÉSIT_ *Retazos de una vida, Lupa Lupa*



III PREMIO | 2008

Una locura de amor,
Manuel Martínez Pérez

ACCÉSIT_

Ana despierta, Berta Mata Hermida

Al menos dos horas, Inma González Barrales



IV PREMIO | 2009

Dos mujeres, Manuela Antelo Lema

ACCÉSITS_

El hombre que podía resucitar a las moscas, Margarita Castro Rey

Qué ha pasado con Hopper?, Juan F. Beltrán Gutiérrez

V PREMIO | 2010

Deserto



VI PREMIO | 2011

Guanabacoa la bella, Juan F. Beltrán Gutiérrez

ACCÉSITS_

O náufrago, Fidel González Deus

Os camiños da vida, Víctor García Dopico

Peregrinaje interior, Juan M. Ábalo Castex

LEMBRANZA DOS AUTORES PREMIADOS



VII PREMIO | 2012

Viaje a la nada, Felix Noriega Peiro



VIII PREMIO | 2013

Os animais non son seres libres,
Víctor A. García Dopico

IX PREMIO | 2014

El ocaso del éxito,
Víctor A. García Dopico

X PREMIO | 2015

Deserto



XI PREMIO | 2016

O segredo de Moira,
María González Blanco

ACCÉSITS_

Un monólogo para Mrs Musgrove,
Noelia Cendán Teijeiro

A piccola violinista,
Montserrat Pis Marcos

Local Hero, Héctor Cajaraville

Camiñadas

O grupo de sendeirismo de Alumni mantívose activo durante este ano, conxugando as camiñadas pola Ruta dos Faros da Costa da Morte e a ruta xacobeá do Padre Sarmiento, que realizara o monxe beneditino en 1745 recorrendo a líña costeira entre Pontevedra e Padrón e que deixou documentada no súa obra *Viaxe a Galicia* (Ver texto do profesor Antón Costa na páxina 12).

As imaxes dos camiñantes foron tomadas en Pontevedra, Punta Nariga, Illa de Arousa, Dombate, Carril e O Grove.



Excursións

Un paseo botánico pola Ferradura de Santiago, guiado polo profesor Izco Sevillano; unha lección maxistral do xeólogo Fran Canosa no Pico Sacro e na mina de Touro; senllas excursións a Ourense, visitando a exposición "In tempore sueborum", e outro día a Allariz, cunha magnífica camiñada incluída; e a tradicional navegación no balandro histórico Joaquín Vieta, este verán pola ría de Muros-Noia, describen o noso panel de excursións de 2018.



FREI MARTÍN SARMIENTO (1695–1772)

Frei Martín Sarmiento foi un monxe beneditino galego, excepcional erudito e estudoso, que acreditou na súa vida e escritos no espírito e ideais da Ilustración, deixándonos ao respecto milleiros de páxinas en relación con múltiples saberes.

Frei Martín Sarmiento, con nome de pía Pedro Joseph García Balboa, nado en 1695 en Vilafranca do Bierzo, viviu a súa infancia e adolescencia na vila de Pontevedra (Galiza), ingresou con 15 anos no mosteiro de San Martín en Madrid e realizou os seus estudos de filosofía e de teoloxía en Salamanca, no mosteiro-universidade de Irache e en Alcalá, onde se doutorou. Foi docente en diversos mosteiros da orde beneditina, sendo ordenado presbítero. Arranxou os arquivos catedralicios de Toledo. En 1733 foi nomeado Cronista da Congregación Benedictina de Valladolid, sendo ao tempo corrector de textos do grande ilustrado e tamén galego Padre Feijóo. En 1743, logo doutros escritos, elabora as súas *Reflexiones literarias para una Biblioteca Real y para otras bibliotecas públicas*. En 1746 escribe en galego as 1200 coplas do *Coloquio de vintecatro galegos rústicos*. En 1750 comeza a preparar o catálogo da súa biblioteca monástica que chegaría aos 7500 volumes, mentres elabora numerosos escritos en diversos campos: filolóxico, literario, histórico, botánico, matemático e outros aspectos das ciencias naturais, dedicando unha constante atención ao estudo de diversos aspectos de Galicia (filolóxicos, botánicos, xeográficos e históricos, en particular), que arrequecía mediante as súas varias viaxes a Galicia, aproveitadas para a realización de estudos. Na súa cela monástica madrileña, un cenáculo da Ilustración, recibía a xentes da Corte e outros estudosos, dada a estima que había sobre a súa formación e saberes. Morría en 1772 e previamente mediante a intervención do seu amigo o duque de Medina Sidonia recolléranse a maior parte dos seus numerosos manuscritos aínda só en parte editados, sobre todo nas últimas décadas do século XX, mediante a eficaz intervención en particular dos profesores José Luís Pensado Tomé e Xosé Filgueira Valverde.

Foi un camiñante incansable, con ollos sempre embelesados ante a fermosura da natureza galega; disto, rememoraba en 1762: “Entre la ría de Pontevedra y del Padrón no hay monte más alto que el Castrove, al poniente de Pontevedra una legua. Desde lo alto tres leguas al poniente, y creo en derechura, está sobre el mar bravo, el faro de la Lanzada, desde donde se comenzó el camino.

Por julio del mismo año de (1)745 pasé a Santiago por causa del año santo pero rodeé el perfil del norte de toda la ría de Pontevedra y el perfil meridional de toda la ría de padrón, v.g.: Poyo, San Xenxo, Portonovo, Lanzada. Deguí todo el grande arenal al norte y después torcí al poniente, siguiendo toda la costa de la península do Grove (...). Desde allí rodeé toda la mansísima ría de las Salinas, y la corté pasándola en carreta, para subir hasta Santo Tomé do Mar, y desde allí por Cambados, Fefiñanes, Villanueva da Aroça, Villa Joan, Villagarcía, Carril, Torres do Este, Campaña, Requeyxo, Padrón y Santiago”.

O profesor Antón Costa revelou a dimensión erudita e científica da figura do Padre Sarmiento na charla que complementou o acto de recoñecemento de Juan Viaño como socio de honra (v. páx. 13)



Entre os seus escritos pedagóxicos cabe destacar: *Digresión sobre los maestros y la enseñanza en Galicia* (1762), *Digresión sobre la educación de la juventud española* (1764), *Tratado de la educación de la juventud* (1768) e o *Onomástico Etimológico latín-galego* (1769). Nestes escritos aconsellou sempre a utilización da metodoloxía científica en beneficio dunha ensinanza experimental e baseada na observación, criticou con lucidez a educación tradicional e a metodoloxía memorística, e reclamou unha educación acorde co contexto cultural e lingüístico propio de Galiza, para a que reclamaba a creación de libros didácticos en lingua galega para os escolares. Era profundo coñecedor dos textos clásicos e humanistas e no aspecto pedagóxico era lector de Rabelais, de Montaigne, de Comenio e probablemente de Locke.

Escribiu fermosas páxinas sobre a nenez, a súa formación e sobre o perfil profesional dos educadores. É pedra basal para o estudo da filoloxía galega e pode ser considerado un dos piares da historia pedagóxica da Galiza.

Antón Costa Rico

Catedrático de Historia da Educación da USC



Juan Viaño Rey, novo socio de honra de Alumni USC

“Debemos asumir a responsabilidade de achegar parte do noso talento ao conxunto da sociedade”

O reitor da USC, Antonio López, clausurou o acto institucional do nomeamento renovando o seu “compromiso” ao obxecto de explotar máis o capital dos exalumnos

Alumni USC nomeou socio de honra a **Juan Viaño Rey** “pola súa contribución relevante ao desenvolvemento institucional da entidade, mellorando e dignificando a cooperación entre a USC e Alumni, durante o seu mandato como reitor”, período de catro anos que finalizou antes do verán. Un acto solemne no Paraninfo da facultade de Xeografía e Historia serviu de marco para celebrar a máis importante distinción que outorga a entidade, no que se reuniron numerosos membros da comunidade universitaria, ademais de familiares e amigos do homenaxeado. Presidiron a sesión o actual reitor, **Antonio López**, e a titular de **Alumni**, **Benita Silva**.

Viaño, logo de recibir unha placa conmemorativa, agradeceu o recoñecemento e pronunciou un conmovedor discurso no que repasou a súa frutífera traxectoria desde que se matriculase na licenciatura de Matemáticas, aquel “mozo de Boqueixón”, hai case corenta e cinco anos, destacando a “indescritible emoción” de seus pais cando os fillos chegaron á universidade. “Eran tempos—engadíunos que xa comezaban a caer barreiras importantes que atrancaban o desenvolvemento social dun país atrasado coma o noso”.

O catedrático de Matemática Aplicada fixo varias referencias á misión e labor dos exalumnos: “Debemos asumir a responsabilidade de achegar parte do noso talento, do noso esforzo e do noso sacrificio durante toda a nosa vida ao conxunto da sociedade e da universidade que nos axudou a obter unha boa formación”. Igualmente convidou a universidade a colaborar con Alumni: “É moi importante tamén que a universidade e o seu goberno contén con Alumni USC como unha ferramenta da súa xestión para alimentar e retroalimentar a súa permanente colaboración coa sociedade na que está inmersa. Así o están a facer as mellores universidades do mundo”. E terminou por

poñerse “ao dispor” da presidenta de Alumni e do reitor da USC para abordar todas aquelas iniciativas nas que consideren que pode achegar algo a súa experiencia.

O reitor López, que cualificou a distinción de Viaño de “xusta e merecida”, pechou o acto aceptando o convite do seu antecesor no cargo: “Queremos seguir contando coa súa experiencia nesta universidade que ten moitos reitores en activo. Actos así acrecentan o cariño e o aprecio persoal”. Como socio de Alumni “desde 1998”, dixo da asociación que constituía unha ferramenta para poñer en valor un “capital enorme”, indicando que actuacións a través do Consello Social da USC eran unha “vía perfecta” de conexión. “Debemos explotar máis o capital dos exalumnos, polo que renovo o meu compromiso con esta iniciativa”, concluíu.



Nómina de socios de honra

Darío Villanueva Prieto, Emilio Pérez Nieto, Jesús García Calvo, Feliciano Barrera Fernández e Benigno Carril Pérez (2004)
Manuela López Besteiro e Manuel Puga Pereira (2010)
Juan J. Casares Long (2016)

O discurso completo de Juan Viaño pódese ver na páxina en liña de Alumni USC

Á comunidade universitaria fáltalle voz

A universidade é unha das etapas máis fértils da vida dunha persoa. Non só no ámbito académico. A presenza dun centro de estudos superiores nunha cidade é unha oportunidade para que a súa comunidade, que adoita ser especialmente activa, desenvolva unha intensa actividade en ámbitos como o cultural e o deportivo. Mais esta actividade ten que ser permeable ao resto da cidade. Está arredada a comunidade universitaria do resto da cidade? Como reflicten os medios de comunicación esta relación?

Estas foron algunhas das preguntas ás que tentamos darlle unha resposta nos Círculos de Lectura. Neste proxecto de investigación que levamos a cabo desde o Observatorio Ciudadán de Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela preguntámonos se hai un diálogo efectivo entre a comunidade universitaria e o resto da cidadanía compostelá e se este diálogo é visible nos medios de comunicación locais. Coa participación de representantes dos estudantes, así como do servizo de Deportes, o gabinete de prensa e a Asociación de Antigos Alumnos da USC, debatemos a visibilidade que ten a comunidade no seu conxunto e onde poñen o foco os medios de comunicación.

Nas xuntanzas de análise atopámonos cunha información centrada en moitos dos casos no conflito. Temas como as festas dos pisos son recorrentes na prensa compostelá. Así e todo, a información favorable adoita ser institucional e promovida pola propia universidade. Noutras palabras, a comunidade universitaria non é quen de establecer unha conversa efectiva cos medios de comunicación para introducir temas na axenda mediática local.

Cómpre polo tanto que a comunidade universitaria en xeral consiga dar a coñecer a intensa vida que desenvolve alén das fronteiras do campus. Faladoiros, mesas de debate, presentacións, concertos... Son moi diversas e numerosas as razóns para reflectir a dinámica actividade que ten como catalizador a universidade e como hóspede Santiago.

Jacobo Pérez-Lirón Martínez

Coordinador do
Observatorio Ciudadán de Comunicación
(estudante de 3º de Xornalismo)



Miguel Santalices

licenciado en Medicina pola USC (1979)
e presidente do Parlamento de Galicia



“Galicia é un sentimento que cada un de nós ten que atopar”

É da promoción de Pachi Vázquez ou Rocío Mosquera, pero tamén do cardiólogo Juanatey e o neurólogo Arias. Miguel Ángel Santalices Vieira naceu na localidade ourensá de Bande en 1955, estivo interno en Vigo e fixo a carreira de Medicina nun piso da Praza de Vigo. “Quizá a nosa maior diversión era reunirmos no portal do noso edificio, que era moi amplo e estaba ben acondicionado. O porteiro era unha magnífica persoa e moi leda. Hai moitas anécdotas arredor dese portal, como que acompañei moitas veces a Fermín Navarrina a casa ás tres da mañá, cando saía da consulta, que tiña alí”, segundo rememora.

Gustáballe saír de troula ou era rato de biblioteca?

Biblioteca, pouco. De vez en cando ía á de Farmacia, pero non precisamente para estudar. Saíamos basicamente as fins de semana, aínda que se había algo que celebrar pola semana tamén saía. Cando íamos a algún pub, frecuentabamos El búho, que estaba nas galerías Viacambre.

“De vez en cando ía á biblioteca de Farmacia, pero non precisamente para estudar”

Unha lembranza e unha contrariedade.

O día que entrei por primeira vez na facultade de Medicina, logo de superar unha dura selectividade, impresionoume e emocionoume. Había moitos nomes que me resultaban familiares polos comentarios que escoitara na casa. Pero o día máis triste da miña etapa universitaria foi cando faleceu o meu íntimo amigo Alfonso Bouzo. Eu tiven a desafortunada oportunidade de ser o que o atopou sen vida na pensión. Un recordo que nunca esqueceréi.

Por que non exerceu?

Porque o verán en que terminei a carreira tiven que exercer como substituto de médicos titulares na Baixa Limia, onde tiven que enfrontarme a situacións complicadas para un novato coma min; entre outros avatares, tiven que facer unha autopsia practicamente aos ollos de todo o pobo. E axiña xa me colleron para postos de xestión sanitaria.



Cal foi o período máis convulso que viviu no pazo do Hórreo?

Son presidente desde 2016, pero deputado desde 1997. Quizais a etapa de maior alboroto foi cando entrei, coincidindo coa crise das vacas tolas, que desencadeou unha moción de censura que non prosperou. Pero foi un tempo moi axitado e controvertido.

Que cualidade é imprescindible para moderar a cámara con ecuanimidade?

Sentido común e ter pasado pola tribuna do Parlamento como deputado, porque así sabes o que procede facer. Hai momentos en que é bo saber o que sentías sendo deputado, e tamén o que facías para non cometer erros.

Os domingos tamén vai á política?

Moitas veces teño actos, o que significa estar fóra predicando todo o día. Cando non é así, gústame pasear (0-12 km) e ver fútbol, é dicir, asuntos sinxelos.

Que afeccións cultiva?

Mirar pintura e escoitar boa música. Se ademais é salsa, aínda mellor.

Con que soña?

Gustaríame un mundo sen dor por enfermidade. Nada peor que o padecemento físico ou psíquico. Penso que é un soño realizable se sabemos utilizar ben a ciencia.

Que é Galicia?

Galicia, territorial e estatutariamente, está basicamente definida. Quizá diría que Galicia é un sentimento que cada un de nós ten que atopar. Camiñar cara a iso faranos máis grandes.

“Gustaríame un mundo sen dor por enfermidade”



As previsións da Catedral
son reabrir ao público a xoia
escultórica do románico europeo
nos primeiros días do ano 2019

El Pórtico: imágenes

El monumental Pórtico de la Gloria está poblado de la vida que emana de la piedra prodigiosamente esculpida y, donde se conserva, de una delicada policromía que nos ofrece un universo de personajes fascinantes que nos dirigen hacia un mensaje fundamental: la Historia; cada historia personal e individual y colectiva, tienen sentido y están llamadas a la plenitud de sentido (gloria) en Cristo, Salvador y Señor, entregado y exaltado. Recrea un gran escena que permite visualizar una representación que convoca a profetas, apóstoles, sibilas, sabios de la antigüedad, los ancianos músicos, seres angélicos o la representación tan esperanzada como encantadora de la humanidad repristinada en Cristo; pero también figuras tremendas “seres espantosos, repugnantes, porque son híbridos que violan las leyes de las formas naturales” (Umberto Eco) como los grifos, los centauros y otras representaciones horrendas entre las que destacan los seres diabólicos. Pero todo y todos cuantos se concentran en el nártex adquieren su verdadero valor y posición desde la contemplación de la Doncella con la palma de la mano abierta en un gesto que expresa su amén y fiat (en el parteluz) a la sombra de la Santa Trinidad y bajo el imponente Cristo coronado de gloria pero signado con los estigmas redentores de la pasión. Y todo ello en el instante omega en que la potencia del mal es definitivamente vencida por la omnipotencia del Dios Amor que se hizo frágil, menesteroso y sirvo para nuestra salvación.

Quizás, refiriéndonos a los “seres espantosos” –en contraste con la sobria belleza de María–, en palabras de Eco: “para el hombre medieval aquellos monstruos resultaban tan atractivos como lo son para nosotros los animales exóticos”, por lo que su proliferación no debería resultar sorprendente en el Pórtico de la Gloria. Representaciones, en todo caso, inofensivas; cargadas con un más o menos claro significado para quien se afane en ofrecer, desde distintas disciplinas (Historia, Arte, Teología...), una lectura de este imponente tríptico en tres dimensiones.

La restauración de la policromía nos ha dejado un ingente número de imágenes, obtenidas con los más sofisticados sistemas de análisis y microscopía, de tal impacto visual que en nada desmerecen a las mejores creaciones del arte contemporáneo abstracto con texturas, paletas y formas admirables. Me atrevería a insinuar que no sería descabellado organizar una exposición con una selección de estas magníficas “colecciones”. Pero junto al impacto visual debería explicarse que esas atractivas muestras de la realidad aumentada, en muchos casos, retratan los “monstruos” que –amenazantes– pueden dañar el color del Pórtico y siguen ahí, por lo que la conservación preventiva forma parte de una carga/obligación/empeño que no puede descuidarse en el futuro, aunque exija y demande esfuerzo y la autoimposición de límites.

Daniel Carlos Lorenzo Santos

Director da Fundación Catedral de Santiago



Abella presenta o seu último poemario nun concorrido acto organizado por Alumni

Cantaron Miro Casabella e Manoele de Felisa

A facultade de Mazarelos reviviú as Voces Ceibes dos anos sesenta dun xeito espontáneo. Foi no devir da presentación do novo libro de **Xoán Xosé Fernández Abella**, *Loanzas sentidas e outros poemas*, que se celebrou o 18 de setembro no salón de actos. O cantor **Miro Casabella** interpretou “O meu país”, vella letra que fala da terra, do mar e dos homes, acompañado da súa guitarra, con esa voz ronca que sae de tantos camiños andados. Tamén cantou **Manoele de Felisa**, un músico doutra xeración, feliz por compartir un improvisado escenario co “mestre” e autor de discos coma *Ti*, *Galiza*. Os dous foron convidados por Abella para facer senllos poemas musicados por eles. Así que aproveitamos a xuntanza para rememorar aquelas voces rebeldes da chamada Nova Canción Galega, sumándonos desde a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC —promotora do acto— á celebración do quincuaxésimo aniversario do revolucionario e mítico 1968.

Entre tanto, outros versos do poeta homenaxeado espallábanse polo aire nas voces do propio autor, **o seu netiño Manuel**—alumno do colexio A Milagrosa— e **Pilar Sampedro**, conxugando rexistros bravos, infantís e femininos. O editor, **Rafael Silva**, e a ilustradora,



Sabela Arias, tamén compartiron a mesa. E así brotaron poemas dedicados tanto a figuras históricas como a persoas correntes, pero cheas de humanidade, coma o actual párroco dos Tilos, **Benxamín Roo**, un crego comprometido coa xente e a lingua. Díaz-Pardo, Neira Vilas e Carballo Calero tamén teñen as súas páxinas neste poemario; precisamente este último, don Ricardo, deu as súas derradeiras clases no edificio de Mazarelos, erudito que leva anos esperando polo seu Día das Letras Galegas. O limiar da publicación venal, editada pola Librería Follas Novas, asínao o catedrático **Xesús Alonso Montero**, que tilda a Abella de “fertilísimo poeta celebratorio e autor de tantos e tantos poemas laudatorios”, e a obra, de “canto entusiasta ás virtudes de homes e mulleres que pasaron pola vida facendo o ben”.

A frutífera sesión poética, musical e reivindicativa no centro universitario polo que pasaron as titulacións de Filoloxía, Xornalismo e Filosofía converteuse nun encontro de amigos, profesores, creadores, intelectuais, xornalistas, actores, políticos, activistas culturais... Tal foi a capacidade de convocatoria do bardo Abella que por alí apareceron personaxes como **Andrés Torres Queiruga**, **Antón Costa**, **Felipe Trillo**, **Baldomero Iglesias** (o músico Mero), **Xosé Quintas**, **Cándido Pazó**, **Lois Celeiro**, **Soledad Pite**, **Amancio Liñares**, **Carmen Ares**, **Antonio González Millán**, **Tareixa Navaza** ou **Xosé Lois Piñeiro** (alcalde de A Pobra do Caramiñal). Unha tarde que transcorreu entre emocións e abrazos.

As charlas divulgativas e próximas constitúen unha parte relevante do programa de actividades de Alumní, tanto en Lugo coma en Santiago, unidas ás mesas redondas, xornadas –sen esquecer o acto literario de entrega do Premio de Relato Curto–, así como as camiñadas e excursións.



Charo Solana



Marta Ramos



Marisa Souto



Áurea Sánchez



Antonio Guillén



Rosa Calvo



Manuel Carreira



Víctor Dopico

Lugo

- **Charo Solana**, especialista en Medicina Deportiva, falou de exercicio físico e saúde.
- **Marta Ramos**, psicóloga, falou de demencia e alzhéimer.

Santiago

- **Marisa Souto**, profesora de Bioloxía, falou da súa avoa Ángela Ruiz Robles, precursora do libro electrónico.
- **Rosa Calvo**, catedrática de Edafoloxía, falou dos sistemas forestais de Galicia.
- **Áurea Sánchez**, xornalista, falou das históricas Mariás de Santiago.
- **Manuel Carreira**, misioneiro, falou da súa experiencia en Guinea Ecuatorial e do labor da oenegué de La Salle, Promoción y Desarrollo (PROYDE).
- **Antonio Guillén**, biólogo, deu un cursiño sobre fotografía microscópica.
- **Víctor Dopico**, avogado, deu un seminario sobre como emprender un negocio.

“Queremos que o museo sexa un elemento dinamizador de divulgación científica”

O MHN pecha o ano con 20.000 visitas, acumulando máis de 80.000 desde a súa reapertura no parque de Vista de Alegre en 2014

Roberto Almuíña Díaz (Santiago, 1950) vén de relevar na presidencia da Asociación de Amigos do Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela ao ex reitor Juan Viaño, “que se fixera socio e apoiou de xeito decidido o museo e a asociación”. O MHN, antes chamado Luís Iglesias e agora ubicado no parque de Vista Alegre, posúe case 4.000 m² de superficie construída e dispón de salas de exposicións, biblioteca, laboratorios e oficinas.

Que proxecto ten e cales son os seus obxectivos principais?

Mellorar a visibilidade do museo entre os veciños de Santiago, a comunidade universitaria e o resto de Galicia constitúen obxectivos para a nosa asociación, pero o desenvolvemento do proxecto corresponde ao seu director, o profesor Marcos González. El e o goberno da USC marcan a política científica.



Roberto Almuíña, presidente de Amigos do Museo de Historia Natural da USC

Como se poden estimular as visitas e a súa popularización na cidade?

O museo xa é moi coñecido no eido do ensino medio e por moitos pais con fillos pequenos. Pero a primeira medida que queremos adoptar é a de ampliar todo o posible a base de amigos do centro e implicarnos en iniciativas cidadáns conectadas cos obxectivos do propio museo. Agora temos un centenar de socios que aboan unha cota anual de 30 euros.

Cal é o seu coñecemento entre os universitarios?

Non o coñecen, así que un dos nosos retos é abrir canles de colaboración con todos os colectivos de estudantes, e particularmente coa facultade de Bioloxía, coa que hai unha conexión moi débil.

Tamén é partidario de colaborar con outras entidades cidadás?

Desde a xunta directiva estamos abertos a establecer vieiros de colaboración con todas as entidades cidadás que permitan acadar os fins de facer máis visible o museo diante da sociedade.

Que tal funcionan as actividades que programa?

Moi ben. Hai obradoiros temáticos, roteiros verdes, visitas didácticas... Estamos agora coa cuarta edición do concurso de redacción científica, de carácter esencialmente escolar, e o ano entrante convocaremos a segunda edición do premio de fotografía da natureza.

Cantas visitas recibe?

Tivo un gran éxito desde a súa reapertura en outubro de 2014, acumulando 80.000 visitantes, dos que 15.000 fixérono en 600 grupos distintos. No presente ano 2018 estímase acadar a cifra de 20.000 visitantes.

E cobrando entrada!

Ten que ser, aínda que sexa simbólica, para que a xente o aprecie. Ademais cómpre que eses cartos axuden algo a sufragar os custos de funcionamento.

Faise investigación no museo?

A resposta é si, e sirva como exemplo a exposición sobre a velutina que agora mesmo está aberta a todo o público, propiciando un debate e colaboración entre abelleiros e investigadores sobre as mellores fórmulas de cooperación para combater esta especie invasora.

É singular en Galicia?

Este museo non só é singular en Galicia, senón que tamén o é en Europa. Por iso desde a asociación de amigos queremos que toda a cidadanía coñeza e aprecie a riqueza enorme da que é depositario. Pero tamén queremos que o museo sexa un elemento dinamizador de divulgación científica.

Que quere dicir?

O museo debe impulsar proxectos para que os colexios traballen coa contorna, aproveitando ademais que hai magníficos profesores de Secundaria. Temos que procurar unha didáctica da natureza moito máis participativa e crear unha opinión pública arredor de todo isto.

Apostaría por unha rede local de museos?

A nosa aposta pasa por incrementar a cultura museística no seo da nosa sociedade, empezando polo que temos máis preto, que son os universitarios e os veciños do entorno do museo.



Emprego con valores

Na era da globalización na que estamos inmersos é preciso darlle a importancia que se merece á educación en valores porque o emprego do futuro nacerá nas universidades e centros formativos de hoxe en día. A especialización tan necesaria e demandada na actualidade polo propio tecido produtivo ten que ir acompañada por criterios baseados na responsabilidade e sustentabilidade. Só deste xeito poderemos contar no futuro cun emprego de calidade.

O reto está en poder adaptar os postos de traballo ás novas tecnoloxías e que esta transformación tecnolóxica vaia ligada a valores como a igualdade, a protección ambiental, a equidade, a diversidade ou o consumo responsable. Educar en valores para contar cunha xeración responsable de empresas e persoas traballadoras.

Na Xunta de Galicia traballamos para acadar este desafío. Apoiamos programas de formación apegados á realidade para dar resposta ás demandas da sociedade e das empresas co obxectivo de garantir a empregabilidade dos galegos, pero tamén traballamos no desenvolvemento das persoas, das súas capacidades e competencias. O crecemento persoal e profesional é imprescindible para atopar e manter o emprego.

A difusión da Responsabilidade Social Empresarial (RSE) é prioritaria para nós e tamén o ten que ser para o resto de institucións oficiais. Entre todos temos que ser capaces de dar exemplo. As administracións e as institucións académicas debemos unirnos neste obxectivo, sumar esforzos e contar cun verdadeiro espírito de colaboración para que o emprego que vén, e no que traballarán as nosas próximas xeracións, sexa un emprego de calidade que teña en conta a conciliación, a igualdade e a diversidade.

Galicia foi pioneira a nivel nacional na aposta pola RSE. Estamos comprometidos coa economía responsable e cremos que a competitividade das empresas só crecerá si se basea nestes criterios. Apostamos por un modelo produtivo máis eficiente, sustentable e integrador e, para iso, é necesario que se logre un equilibrio entre a obtención de beneficios e o verdadeiro compromiso en eidos como o social, o ambiental ou o económico. Os retos globais da Responsabilidade Social Empresarial teñen que ir encamiñados a lograr empregos que acheguen estabilidade e benestar ás familias, o principal obxectivo da Xunta a través da Axenda 20. Temos que seguir traballando para concienciar o noso tecido empresarial de que apostar pola conciliación e a calidade no traballo favorece a súa competitividade e produtividade. Entre todos temos que educar os nosos mozos e mozas nestes valores. Eles son o futuro.

Covadonga Toca Carús

Secretaría Xeral de Emprego
(Xunta de Galicia)

25 anos

museo casa
de la Troya

O Museo Casa de la Troya celebrou este ano o seu vixésimo quinto aniversario. Abre as súas portas en Semana Santa e no verán, ofrecendo visitas guiadas. Preto de tres mil persoas se achegaron a ver o inmobile onde se aloxou Alejandro Pérez Lugín, autor da novela homónima que relata a vida universitaria de Santiago entre os séculos XIX e XX.

O seu padroado está integrado pola USC, o Concello, a Xunta de Galicia, a Asociación Cultural-Musical de Antigos Tunos Compostelanos e Amigos do Museo Casa de la Troya –entidade na que recae a súa xestión operativa–, e Alumni USC. Este mesmo ano están a darse pasos para a súa conversión en fundación “ao obxecto de garantir o seu futuro”, segundo indica o presidente de Antigos Tunos, **Benigno Amor**.

Ao abeiro do museo naceu hai cinco anos unha agrupación de pulso e púa, dirixida polo mestre **Fernando Reyes**, que se bautizou co nome de Troyanos de Compostela. O grupo publicou no verán o disco *Viva Galicia!*, que recolle música do tempo da novela e repertorio tradicional da tuna na universidade compostelá. O cedé, acompañado dunha ampla documentación en galego, castelán e inglés, así como de fotografías actuais e históricas, pode mercarse no propio museo ou dirixíndose á oficina de Alumni.



Fotos_ Santi Alvite

RECANTO DA SAUDADE

Novidades editoriais



Stephen Hawking: Unha breve historia do tempo

Autor: Stephen Hawking
Prólogos: José Edelstein e Jorge Mira
Tradución: Jorge Mira
Colección: Clásicos do pensamento universal


ISBN: 978-84-16954-92-6
Páxinas: 296



Agora entramos nós. Voces ceibes e a canción protesta galega

Autor: Sheila Fernández Conde

ISBN: 978-84-16954-67-4
Páxinas: 322



Na procura da noite. Fotografando o ceo nocturno

Coordinadores: Salvador Bará Viñas e Jorge Mira Pérez
Autores: Óscar Blanco Varela, Ana María García Suárez, Daniel Llamas Gómez, Daniel Lois Otero, Alfredo Madrigal Fariña, Pablo Martínez Alemparte, Fernando Rey Daluz, Ángel Daniel Rodríguez Arós e Alba Rodríguez Mosquera.

Pdf, <http://dx.doi.org/10.15304/9788416954650>

ISBN: 978-84-16954-65-0



Mª Victoria Moreno. Nun lugar de Galicia. Día das Letras Galegas 2018

Coordinadora: Blanca-Ana Roig Rechou
Colección: Día das Letras Galegas

ISBN: 978-84-16954-71-1
Páxinas: 260



El desafío de la creatividad

Autor: Enric Trillas
En papel e en pdf

ISBN papel: 978-84-16954-70-4
ISBN pdf: 978-84-16954-80-3
Páxinas: 286



Geografías literarias. Un itinerario (inter)cultural por Galicia

Autor: Xaquín Núñez Sabarís
Colección: USC Editora. CELE Cuadernos de Español como Lengua Extranjera
En papel e en pdf

ISBN papel: 978-84-16954-73-5
ISBN pdf: 978-84-16954-90-2
Páxinas: 118



Mala herencia la que nos ha tocado: oralidad y narrativa en la literatura sobre la Guerra Civil y el franquismo

Autor: Mariela Paula Sánchez
Colección: USC Editora. Académica.
En papel e en pdf

ISBN papel: 978-84-16954-61-2
ISBN pdf: 978-84-16954-93-3
Páxinas: 300

Guía para la institucionalización del aprendizaje-servicio en la universidad

Coordinadores: Miguel Anxo Santos Rego e Mar Lorenzo Moledo

ISBN: 978-84-16954-86-5
Páxinas: 109

SOCIOS PROTECTORES

Alumni USC conta con socios protectores das cidades e comarcas de Santiago de Compostela, Lugo e Pontevedra.

ZONA SANTIAGO

DESDE 2014

Cafetería LEMBRANZA

Rúa Montero Ríos, 39. 15701 Santiago
TEL_ 981 593 636
www.cafeterialembanza.com

COPY NINO

Avda. Rosalía de Castro, 58, baixo
15706 Santiago de Compostela
TEL_ 981 590 302
www.copynino.com

Librería FOLLAS NOVAS

C/ Montero Ríos, 37. 15706 Santiago
follasnovas@follasnovas.es
TEL_ 981 594 406 FAX_ 981 590 612
www.libreriafonsecadecompostela.es

PARADORES de Turismo de España

Praza do Obradoiro s/n
15704 Santiago de Compostela
TEL_ 981 582 200
www.parador.es/es/paradores/parador-de-santiago-de-compostela

HOTEL MONUMENTO SAN FRANCISCO

Campillo de San Francisco, 3. 15705 Santiago
TEL_ 981 581 634
www.sanfranciscohm.com

DESDE 2015

Carrocera CASTROSUA

Carretera de A Coruña Km. 59,5
15890 Santiago de Compostela
TEL_ 981 552 460
www.castrosua.com

LÁPICES 4

Avda. da Coruña 4-baixo. 15701 Santiago
TEL_ 981 580 429
www.lapices4.com

Restaurante CAMILO

A Raíña, 24. 15705 Santiago
TEL_ 981 584 593

JOSÉ OTERO

General Pardiñas, 13-baixo
15701-Santiago
TEL_ 981 569 230

VÍA LÁCTEA COMUNICACIÓN

Praza da Nosa Señora da Mercé de Conxo, 6-1º C
15706 Santiago de Compostela
TEL_ 981 554 407
www.vialactea.es

DESDE 2016

LIMPIEZAS SALGADO

Fernando III El Santo, 41
15701-Santiago de Compostela
TEL_ 981 599 089
<http://salgadolimpiezas.es>

DESDE 2017

UNA GRUPO BUSINESS GLOBAL S.L.

Avda. Barcelona, 33-local 1 A
15706- Santiago de Compostela
TEL_ 902 150 152
<http://www.unagrupo.com>

A CESTA DA SAÚDE

Rúa Ramón Cabanillas, 10
15701-Santiago de Compostela
TEL_ 981 592 595

DESDE 2018

HYGGE by Sabucedo & León S.L.

San Pedro de Mezonzo, 28
15701 Santiago de Compostela
Loft Santa Marta
Avda. de Montevideo, 1-1º E
15706 Santiago de Compostela
TEL_ 881 998 791 / 670 417 405
www.hyggepilates.com

Autos COMPARADO S.L.

Rúa Espíritu Santo, 23
15200-Noia (A Coruña)
TEL_ 981 820 938 / 630 877 424
info@autoscomparado.com

CÁMARA DE COMERCIO de Santiago

San Pedro de Mezonzo, 44 baixo
15701-Santiago
camara@camaracompostela.com
www.camaracompostela.com

ZONA A CORUÑA - FERROL

GENESAL ENERGY

Parroquia de Cortián D-13-14
15165-Bergondo
TEL_ 981 674 156
www.genesalenergy.com

GRUPO INTAF

Ctra. de Cedeira km 1,5
15570-Narón
TEL_ 981 397 142
intaf@intaf.com
www.intaf.com

ZONA LUGO

DESDE 2015

Restaurante "FONTE DO REI"

Avda. Madrid, nº 5 y nº 63. 27002 Lugo
TEL_ 982 245 608 e 982 223 711
www.fontedorei.es

INSTALACIONES CRUZ

C/ Río Sil, 44 baixo. 27003 Lugo
TEL_ 982 253 446
www.instalacionescruz.com

Restaurante MESÓN DE ALBERTO

Rúa da Cruz, 4. 27001 Lugo
TEL_ 982 228 310
www.mesondealberto.es

PRELO

Ronda da Muralla, 34-baixo. 27002 Lugo
TEL_ 982 280 359
www.prelo.es

EL PROGRESO DE LUGO

C/ Ribadeo, 5. 27002 Lugo
TEL_ 982 298 146
www.elprogreso.galiciae.com

DESDE 2016

ARESA

Avda. Madrid, 187. 27002 Lugo
TEL_ +34 982 222 400 FAX_ +34 982 222 502
www.aresa-agricola.com

DESDE 2017

AMSLAB S.L.

Avda. Benigno Rivera, 56. 27003 Lugo
TEL_ +34 982 808 074
www.ams-lab.com/web2012

ZONA PONTEVEDRA

DESDE 2016

COGAL


Alceme. 36530-Rodeiro (Pontevedra)
TEL_ 986 790 100
www.cogal.net

BODEGAS TERRAS GAUDA

Estrada Tui- A Guarda km 55
36760 O Rosal (Pontevedra)
TEL_ 986 621 111
www.terrasgauda.com

Regalo institucional GUIMERANS

Rúa Cobian Roffignac, 19-baixo
36007-Pontevedra
TEL_ 986 167 176



MOSAICO RUTA DOS FAROS

I. W